

Advertido erro non Acordo do Consello de Goberno do 31 de outubro de 2013 polo que se regula o Recoñecemento de Niveis de Coñecemento de Idioma e Acreditación do Coñecemento de Lingua Estranxeira para a Obtención do Título de Grao, e conforme ao disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cómpre emendar o erro observado dando conta ao Consello de Goberno das correccións.


Por todo o anterior **ESTA REITORÍA RESOLVE:**

ÚNICO.- Advertido erro na redacción do Acordo do Consello de Goberno do 31 de outubro de 2013 polo que se regula o Recoñecemento de Niveis de Coñecemento de Idioma e Acreditación do Coñecemento de Lingua Estranxeira, procede a súa corrección e, en consecuencia, o apartado f) do punto 2.2. do artigo segundo queda redactado do seguinte xeito:

f) Os alumnos que participasen en programas de mobilidade en universidades estranxeiras un curso académico enteiro, superando as probas previas de idioma no CLM; incorporaráselles no expediente unha vez finalizado o programa de mobilidade o recoñecemento do nivel B1 no apartado de "outros estudos". Estes alumnos terán dereito, tamén, á expedición da acreditación de ter superado o nivel B1 de idioma segundo o país no que superasen o intercambio.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2014

O REITOR,



Juan José Casares Long